



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Estancias Prácticas I		Código	653G01110
Titulación	Grao en Terapia Ocupacional			
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	4.5
Idioma	Castelán/Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Nieto Riveiro, Laura	Correo electrónico	laura.nieto@udc.es	
Profesorado	Groba Gonzalez, Betania Nieto Riveiro, Laura	Correo electrónico	b.groba@udc.es laura.nieto@udc.es	
Web				
Descripción xeral	<p>Esta materia pretende o desenvolvemento de competencias que permitan ao alumnado comprender e aplicar os coñecementos relacionados coa práctica clínica e/ou comunitaria da terapia ocupacional mediante a observación directa e a análise dos centros de prácticas e a intervención do profesorado titor, terapeuta ocupacional, dos devanditos centros.</p> <p>Descriptor: Estadías prácticas para aplicar teorías, fundamentos, metodoloxías, técnicas, avaliaciós e valoracións de terapia ocupacional, traballando axeitadamente en equipo e desenvolvendo as funcións e destrezas propias desta profesión en diferentes contornas, centros, hospitais, institucións e grupos sociais e poboacións.</p>			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A6	Trabajar en la sociedad con individuos y grupos para fomentar la promoción de la salud, la prevención, la rehabilitación y el tratamiento.
A8	Uso profesional y ético del razonamiento efectivo en todas las partes del proceso de terapia ocupacional.
A16	Construir una relación terapéutica como base del proceso de la terapia ocupacional.
A19	Apreciar y respetar las diferencias individuales, creencias culturales, costumbres y su influencia sobre la ocupación y la participación.
A23	Practicar de manera ética, respetando a los clientes, teniendo en cuenta los códigos profesionales de conducta para terapeutas ocupacionales.
B3	Aplicar un pensamiento crítico, lógico y creativo.
B6	Comportarse con ética y responsabilidad social como ciudadano y como profesional.
B7	Comunicarse de manera efectiva en un entorno de trabajo.
B8	Capacidad de análisis y de síntesis.
B9	Capacidad de aplicar los conocimientos a la práctica.
B14	Habilidades interpersonales.
B19	Comunicación oral y escrita en la lengua materna.
B23	Capacidad de aprender.
B24	Habilidades de gestión de la información (habilidad para buscar y analizar información proveniente de diversas fuentes).
B26	Capacidad para adaptarse a nuevas situaciones.
B31	Apreciación de la diversidad y de la multiculturalidad.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, en las lenguas oficiales de la comunidad autónoma.
C4	Desarrollarse para el ejercicio de una ciudadanía abierta, culta, crítica, comprometida, democrática y solidaria, capaz de analizar la realidad, diagnosticar problemas, formular e implantar soluciones basadas en el conocimiento y orientadas al bien común.
C7	Asumir como profesional y ciudadano la importancia del aprendizaje a lo largo de la vida.

Resultados da aprendizaxe		Competencias do título
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título	



Desenvolver habilidades básicas propias da práctica da terapia ocupacional neste estadio de aprendizaxe, de acuerdo coas competencias seleccionadas.	A6 A16 A19 A23 B6 B9 B14 B19 B23 B24 B26 B31	C4 C7
Observar, analizar e reflexionar sobre os centros de prácticas e as funcións das/os terapeutas ocupacionais integradas/os no sistema sanitario, educativo, domiciliario, laboral e comunitario de pertenza. Así mesmo, o alumnado debe desenvolver a capacidade para manter a dignidade, a privacidade e a confidencialidade das persoas.	A8 A16 A19 A23 B3 B6 B7 B8 B19 B23 B24	C1 C4 C7
Observar, analizar e reflexionar sobre a intervención da terapia ocupacional nos diferentes ámbitos da disciplina.	A19 B3 B6 B7 B8 B19 B23 B24	C1 C4
Observar, analizar e reflexionar sobre a relación terapéutica en terapia ocupacional.	A19 B3 B6 B7 B23 B24	C1 C4 C7
Observar, identificar, analizar e reflexionar sobre o perfil das persoas usuarias dos servizos de terapia ocupacional.	A19 B3 B6 B7 B8 B19 B23 B24 B31	C1 C4

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1.- Criterios xerais das Estadías Prácticas I	Tema 1.1.- Consideracións e aspectos éticos Tema 1.2.- Normas e consideracións básicas dos centros de prácticas clínicas e/ou comunitarias Tema 1.3.- Análise dos centros de prácticas clínicas e/ou comunitarias
Tema 2.- Observación da intervención de terapia ocupacional nos centros de prácticas	Tema 2.1.- Intervención desde terapia ocupacional nos centros de prácticas clínicas Tema 2.2.- Intervención desde terapia ocupacional nos centros de prácticas comunitarias Tema 2.3.- Habilidades básicas para a intervención desde terapia ocupacional
Tema 3.- Rregistro da información en terapia ocupacional	Tema 3.1.- Características xerais do rexistro da información en terapia ocupacional Tema 3.2.- Uso de ferramentas tecnolóxicas para o rexistro e síntese da información



Tema 4.- Observación de teorías, fundamentos, metodoloxías, técnicas, avaliacións e valoracións de terapia ocupacional nos centros de prácticas clínicas e/ou comunitarias	Tema 4.1.- Abordaxes de intervención desde terapia ocupacional Tema 4.2.- Análise das funcións e destrezas propias das/os terapeutas ocupacionais Tema 4.3.- Cooperación co equipo interdisciplinar
--	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A23 B6 B14 B23 B24 B26 B31 C4 C7	1	0	1
Discusión dirixida	A8 A19 B3 B6 B7 B8 B14 B19 B23 B31 C1 C4 C7	4	0	4
Portafolios do alumno	A8 A19 B3 B6 B7 B8 B19 B23 B24 B31 C1 C4 C7	0	30	30
Prácticas clínicas	A6 A8 A16 A19 A23 B3 B6 B7 B8 B9 B14 B19 B23 B26 B31 C4 C7	15	10	25
Prácticas de laboratorio	A6 A8 A16 A19 A23 B3 B6 B7 B8 B9 B14 B19 B23 B26 B31 C1 C4 C7	24	5	29
Saídas de campo	A6 A8 A19 A23 B3 B6 B7 B8 B9 B14 B19 B23 B26 B31 C4 C7	6	13	19
Atención personalizada		4.5	0	4.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Actividades iniciais	Son actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con esta metodoloxía preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos do alumnado. Dentro desta metodoloxía, enmárcanse a reunión de presentación da materia, e distintas actividades que se desenvolverán nas primeiras sesións de Prácticas de laboratorio.
Discusión dirixida	Trátase dunha técnica de dinámica de grupos na cal as persoas que integran o grupo discuten de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, áinda que poden estar coordinadas por unha persoa que modere. Dentro desta metodoloxía, enmárcanse as reunións de seguimento e peche da materia.
Portafolios do alumno	É unha carpeta ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado nun período de tempo determinado, cos comentarios e cualificacións asignadas polas docentes, o que lles permite visualizar o seu progreso. O portafolio inclúe todo o que fai cada estudiante, como: apuntes ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resumos, probas escritas, autoavaliamientos, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso realizados polas docentes, etc.



Prácticas clínicas	O ensino clínico pode entenderse como un proceso instrucional que ten lugar nun ambiente natural relacionado co exercicio dunha profesión, no cal o estudiantado observa e participa en actividades clínicas deseñadas para proporcionarle oportunidades que supoñen a aplicación de feitos, teorías e principios relacionados coa práctica da terapia ocupacional.
Prácticas de laboratorio	Esta metodoloxía permite que o alumnado aprenda de maneira efectiva a través da realización de actividades de carácter práctico, tales como demostracións, exercicios, experimentos e investigacións.
Saídas de campo	Son actividades desenvolvidas nun contexto externo ao contorno académico universitario, relacionadas co ámbito de estudio da materia. No caso desta materia, estas actividades céntranse no desenvolvemento de capacidades relacionadas coa observación directa e sistemática, e a recollida de información. Dentro das saídas de campo, inclúese a asistencia a actividades enmarcadas na programación do Marzo Ambiental da FCS, co fin de favorecer a participación do alumnado en accións vinculadas co coidado da contorna e a promoción da saúde.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Portafolios do alumno	A atención personalizada farase mediante tutorías individualizadas ou en grupo reducido (segundo as necesidades do alumnado), en modalidade presencial ou virtual (a través da aplicación Teams).
Prácticas clínicas	Estas tutorías poderanse realizar de luns a venres, entre as 09:00 e as 19:00 h. Levaranse a cabo por solicitude do estudiantado interesado, ou a petición do profesorado da materia se o considera preciso, sendo programadas nun horario consensuado coas docentes, que non interfira en ningún caso coa asistencia e participación do alumnado nas restantes materias do título en que estea matriculado.
Saídas de campo	
Prácticas de laboratorio	
Actividades iniciais	
Discusión dirixida	Ademais, tamén se brindará atención personalizada mediante o correo electrónico, e a través dos foros ou a opción de mensaxe privada do Campus Virtual.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descripción	Cualificación
Portafolios do alumno	A8 A19 B3 B6 B7 B8 B19 B23 B24 B31 C1 C4 C7	Para a avaliação desta metodoloxía, valorarase: a capacidade de expresión escrita do alumnado (valorando de forma negativa os errores ortográficos, gramaticais e sintácticos), a adquisición de destrezas e coñecementos referentes ao contido da materia, a integración e aplicación de conceptos teóricos e prácticos, a argumentación ofrecida nas súas intervencións, a capacidade de razonamento e de resolución de problemas, e a actitude crítica e reflexiva.	50
Prácticas clínicas	A6 A8 A16 A19 A23 B3 B6 B7 B8 B9 B14 B19 B23 B26 B31 C4 C7	Para a avaliação desta metodoloxía, valorarase: a responsabilidade, a actitude ante as normas xerais da materia e as normas de funcionamento específicas de cada centro de prácticas, e a adquisición e aplicación de destrezas, coñecementos e conceptos, tanto teóricos como prácticos. A asistencia ás prácticas clínicas é obligatoria. As ausencias xustificadas ás prácticas clínicas deberán ser comunicadas á coordinadora da materia, sempre que sexa posible de forma previa. Posteriormente, deberase achegar o xustificante correspondente.	20
Saídas de campo	A6 A8 A19 A23 B3 B6 B7 B8 B9 B14 B19 B23 B26 B31 C4 C7	Para a avaliação desta metodoloxía, valorarase: a responsabilidade, a actitude colaborativa (implicación co grupo, coas tarefas, exercicios e actividades propostas, e co desenvolvemento xeral das saídas de campo), e a adquisición e aplicación de destrezas, coñecementos e conceptos, tanto teóricos como prácticos. A participación nas saídas de campo é obligatoria. As ausencias xustificadas ás saídas de campo deberán ser comunicadas á coordinadora da materia, sempre que sexa posible de forma previa á súa realización. Posteriormente, deberase achegar o xustificante correspondente.	20



Prácticas de laboratorio	A6 A8 A16 A19 A23 B3 B6 B7 B8 B9 B14 B19 B23 B26 B31 C1 C4 C7	Para a avaliación desta metodoloxía, valorarase: 1) A responsabilidade, a actitude colaborativa (implicación co grupo, coas tarefas, exercicios e actividades propostas, e co desenvolvemento xeral das prácticas de laboratorio), e a adquisición e aplicación de destrezas, coñecementos e conceptos, tanto teóricos como prácticos. 2) As tarefas, exercicios ou actividades prácticas, de carácter individual e/ou grupal, propostas durante o desenvolvemento desta metodoloxía. A asistencia ás prácticas de laboratorio é obligatoria. As ausencias xustificadas ás prácticas de laboratorio deberán ser comunicadas á coordinadora da materia, sempre que sexa posible de forma previa á súa realización. Posteriormente, deberase achegar o xustificante correspondente.	10
--------------------------	--	--	----

Observacións avaliación

O sistema de cualificacións expresarase mediante cualificación numérica de acordo co establecido no artigo 5 do Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE nº 224 de 18 de setembro de 2003), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. Sistema de cualificacións: 0-4.9=Suspensu, 5-6.9=Aprobado, 7-8.9=Notable, 9-10=Sobresaliente/Matrícula de honra (Graciable).

A efectos desta materia, considerarase como Non presentado (NP) ao alumnado que non participe na totalidade de actividades de avaliación continua, tendo en conta as condicións que figuran a continuación.

Para superar a materia, cada estudiante debe participar activamente en todas as metodoloxías propostas, asistindo de maneira obligatoria (salvo ausencia debidamente xustificada) a todas as sesións prácticas (Prácticas clínicas, Prácticas de laboratorio e Saídas de campo), participando nas Actividades iniciais e de Discusión dirixida que se levan a cabo, e entregando todos os traballos solicitados (Portafolios). Ademais, deberá acadar unha cualificación global mínima de 5 puntos e ter superadas todas as metodoloxías de avaliación, alcanzando como mínimo o 50% da cualificación correspondente a cada metodoloxía. No caso de non acadar a cualificación mínima requirida nalgunha das metodoloxías, non se sumarán o resto de metodoloxías, e a cualificación global da materia corresponderase coa nota obtida na metodoloxía suspensa. No caso de ter varias metodoloxías suspensas, a cualificación global da materia corresponderase coa nota suspensa máis elevada.

No caso de non superación da materia na primeira oportunidade da convocatoria (xuño) pola ausencia non xustificada ou o suspensu das sesións prácticas desenvolvidas (Prácticas clínicas, Prácticas de laboratorio e/ou Saídas de campo), non se poderá superar a materia na segunda oportunidade (xullo), e a/o estudiante terase que presentar na seguinte convocatoria, ao tratarse de actividades que, pola súa natureza, non son recuperables na segunda oportunidade (tal e como recollen as Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudios de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña, aprobadas polo Consello de Goberno do 19 de decembro de 2013 e modificadas por última vez no Consello de Goberno do 29 de xuño de 2017).

No caso de non superación da materia na primeira oportunidade da convocatoria (xuño) pola falta de entrega ou o suspensu dos traballos correspondentes á metodoloxía Portafolios ou ao resto de metodoloxías, a/o estudiante terá que repetir a entrega dos traballos suspensos ou non presentados na segunda oportunidade (xullo).

Segundo a Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo do alumnado de grao e mestrado universitario na Universidade da Coruña (aprobada polo Consello Social do 4 de maio de 2017), cando un(ha) estudiante desta materia teña recoñecida a súa condición de matrícula a tempo parcial, terá derecho a elixir de maneira preferente quendas e grupos de prácticas, entre os distintos horarios e rotatorios que se oferten na materia.

A docente responsable da materia aplicará a correspondente normativa da Universidade da Coruña ante a detección de calquera tentativa de plaxio motivada por un(ha) estudiante no desenvolvemento dos seus traballos. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente unha cualificación de suspensu (nota numérica '0') na convocatoria en que se cometía a falta, tanto se a falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a cualificación na acta da primeira oportunidade, se fose necesario.

Así mesmo, a docente responsable resérvara a posibilidade de realizar algúns cambios na avaliación ou outros aspectos da materia, que serán notificados ao estudiantado coa suficiente antelación.

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- American Occupational Therapy Association (AOTA) (1993). Core values and attitudes of occupational therapy practice. <i>The American Journal of Occupational Therapy</i>, Vol. 47 (12)- American Occupational Therapy Association (AOTA) (2015). Occupational Therapy Code of Ethics. <i>The American Journal of Occupational Therapy</i>, Vol. 69 (Supl. 3)- Barbara A. Boyt Schell, Glen Gillen, Marjorie E. Scaffa (2015). Willard & Spackman: Terapia ocupacional, 12^a ed. Buenos Aires, Madrid: Médica Panamericana- Begoña Polonio López (2001). Conceptos fundamentales de terapia ocupacional. Madrid: Médica Panamericana- Consejo General de Colegios de Terapeutas Ocupacionales (CGCTO) (2020). Código Deontológico de Terapia Ocupacional.- Council of Occupational Therapists for the European Countries (COTEC) (2009). Code of Ethics.- Donna M. Costa, Susan K. Meyers (2007). Clinical supervision in occupational therapy: a guide for fieldwork and practice. Bethesda: AOTA Press- Edward A.S. Duncan (2022). Fundamentos para la práctica en terapia ocupacional, 6^a ed. Barcelona: Elsevier- European Network of Occupational Therapy in Higher Education (ENOTHE) (2004). Approaches to teaching and learning "practical" occupational therapy skills: sharing best practice. Amsterdam: ENOTHE- Gary Kielhofner (2006). Fundamentos conceptuales de la terapia ocupacional, 3^a ed. Buenos Aires: Médica Panamericana- Helen L. Hopkins, Helen D. Smith (2006). Terapia ocupacional, 9^a ed. Buenos Aires, Madrid: Médica Panamericana- Jane Clifford O'Brien (2018). Introduction to occupational therapy, 5^a ed. St. Louis Missouri: Elsevier- Jerónimo González Bernal (2020). Fundamentos de la terapia ocupacional. Burgos: Universidad de Burgos- Judith Palladino, Ruth N. Jeffries (2000). The occupational therapy fieldwork: Manual for assessing professional skills. Philadelphia: F.A. Davis Company- Mary Ann McColl, Mary C. Low, Debra Stewart (2015). Theoretical basis of occupational therapy, 3^a ed. Thorofare: Slack- Suzanne M. Peloquin (2007). A reconsideration of occupational therapy's core values. <i>The American Journal of Occupational Therapy</i>, Vol. 61 (4)- World Federation of Occupational Therapists (WFOT) (2016). Code of Ethics: Ethical Core of Occupational Therapy. <p>
</p>
Bibliografía complementaria	Para a elaboración do Portafolios do alumnado, recoméndase o emprego e aplicación do Ciclo Reflexivo de Gibbs: Gibbs, G. (1988). Learning by Doing: A Guide to Teaching and Learning Methods. Oxford: Oxford Further Education Unit (disponible en: https://hhs.hud.ac.uk/lqsu/Sessionsforall/supp/Gibbs%201988%20reflective%20cycle.pdf).

Recomendacíons

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Bases Históricas e Documentación en Terapia Ocupacional/653G01108

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Dereito, Bioética e Terapia Ocupacional/653G01105

Ciencias da Ocupación e Fundamentos de Terapia Ocupacional/653G01109

Materias que continúan o temario

Procesos de Terapia Ocupacional/653G01204

Estancias Prácticas II/653G01210

Observacíons



1.- Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sostible e cumplir cos obxectivos estratéxicos 1 e 2 do "V Plan de Acción do Programa Green Campus FCS (2023-2025)", os traballos documentais que se realicen nesta materia:a.- Na súa maioría, solicitaranse en formato virtual e soporte informático.b.- De realizarse en papel:Non se emplegarán plásticos.Realizaranse impresións a dobre cara.Utilizárase papel reciclado.Evitarase a impresión de borradores.2.- A docente responsable resérvese a posibilidade de realizar algúun cambio na avaliación ou noutros aspectos da materia, que serán notificados ao estudiantado coa suficiente antelación.3.- Para a adecuada planificación das estadías prácticas, realizaranse (segundo o calendario oficial) varias reunións de coordinación académica:Actividades iniciais: reunións destinadas ao establecemento de grupos de prácticas e a distribución de quendas e rotatorios. Ao comezo da materia, realizarase unha reunión para a presentación dos diferentes recursos de prácticas, as normas e consideracións básicas a ter en conta nas distintas sesións prácticas, e os traballos a realizar ao longo da materia, así como para a organización dos grupos e quendas de estudiantes para cada sesión práctica.Actividades de seguimento e peche: reunións destinadas ao seguimento e supervisión do alumnado e a análise das sesións prácticas levadas a cabo. Durante o transcurso do cuatrimestre e ao final do mesmo, realizarase unha reunión de seguimento e unha reunión de peche da materia, co fin de facer un seguimento adecuado da participación e evolución do alumnado no transcurso das prácticas, e unha análise posterior dos recursos e sesións prácticas ás que asista.Coordinación da docencia: encontros entre a coordinadora da materia e as/os docentes e titoras/es terapeutas ocupacionais dos recursos de prácticas, de forma previa ao inicio das mesmas e de forma posterior.4.- Normas mínimas: o alumnado deberá cumplir unhas normas xerais básicas de identificación persoal, puntualidade e respecto á poboación atendida nos recursos en que se desenvolvan as prácticas, así como ao seu equipo profesional e ás súas instalacións. Ademais, deberan respectar as pautas mínimas específicas que cada centro estableza para o correcto desenvolvemento das estadías prácticas.5.- A docente responsable da materia aplicará a correspondente normativa da Universidade da Coruña ante a detección de calquera tentativa de plaxio motivada por un(ha) estudiante no desenvolvemento dos seus traballos. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente unha cualificación de suspenso (nota numérica '0') na convocatoria en que se cometra a falta, tanto se a falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederse a modificar a cualificación na acta da primeira oportunidade, se fose necesario.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías